


# O CANDIL

Maio 2002

Nº 28



# BUEU NOS OLLOS DE SARMIENTO



◉ CEIP DE BUEU NA HONRA  
DO POLIGRAFO FREI MARZIN  
SARMIENTO CO GALLO DAS  
LETRAS GALEGAS 2002

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás  
Colaboran: Equipo de Normalización Lingüística  
Profesorado do CEIP de Bueu  
X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fdez. Aldegunde  
Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística  
Dep. Legal: PO-2-96  
ISSN : 1137-1994

## BIOGRAFÍA

No ano 1695, a familia García Balboa residía en Vilafranca do Bierzo, por motivos laborais do pai, cando nace un rapaz ó que lle poñen por nome Pedro José. Ós poucos meses, a súa familia trasládase a Pontevedra onde viviría toda a súa infancia.

En 1710, ós 15 anos, Pedro José García ingresa no mosteiro de San Martín, en Madrid, da mesma orde beneditina que o mosteiro de Poio, do que dependía o priorado de Hermelo. En Madrid, estudia Artes, Filosofía e Teoloxía.

Neste tempo muda o seu nome, adoptando o de Martín Sarmiento en honor do patrón do convento no que profesou e escollendo o segundo apelido da súa nai.

Peregrinou por distintos mosteiros da Orde en Madrid, Salamanca, León e Asturias. En Oviedo topou con outra galego ilustre e ilustrado, o Padre Feijoo, con quen entaboa unha profunda amizade intelectual. A partir de 1727 e ata a súa morte instalouse definitivamente en Madrid regresando nos anos 1745-6 e 1754-55 á súa terra patria, nunhas viaxes reflectidas por el nos seus pergamiños.



Sarmiento publicou unha obra en vida: a "*Demostración crítico-apoloqética del Teatro crítico universal*", en 1732, redactada en defensa do seu amigo o Padre Feijoo, logo das críticas que estaba a recibir. Este motivo, levouno a non desexar ollar publicado ningún escrito propio nos seus restantes días.

A pesares disto, deixou Sarmiento escritas unha chea de páxinas sobre múltiples temas, dos que mencionamos, polo interese que para a nosa localidade de Bueu poidan ter:

- Os informes a petición real ou do goberno, así como das altas personalidades da nobreza ou do clero.
- A correspondencia co seu irmán Francisco Xavier.
- Os seus escritos sobre Natureza e Botánica, con numerosos estudos sobre plantas, peixes ou animais.
- Os estudos etimolóxicos, etnográficos, históricos, folclóricos, toponímicos ou botánicos.

## BUEU NO TEMPO DE SARMIENTO


A vida de Sarmiento transcorre nos tres primeiros cuartos do século XVIII. Neste tempo, Bueu experimenta un crecemento da poboación, motivado pola expansión da produción cerealística –lémbrese que no século XVII o millo se integra no sistema productivo agrícola- e que, sen embargo, cando Sarmiento visita a nosa vila no ano 1745, empeza a amosar sinais de crise, reflectida na emigración dos labregos a Castela e Portugal, por falta de terras de cultivo e as excesivas cargas que debe afrontar o labrego.

Denuncia Sarmiento, nas súas coplas galegas e outros escritos, a atraso inmemorial da agricultura que aínda conservaba as ensinanzas romanas. Fronte a este atraso, sinalaba que **“ninguén que no seu país natal ten que comer para sempre, pensará en transhumar, ou transmigrar a outros países”**.

Na Obra dos *660 pliegos*, **“a verdadeira causa do atraso da poboación consiste nun complexo”** entre os que cita especialmente a existencia de numerosos maiorazgos e a súa concentración nunha testa, como podían ser o do Pazo de Santa Cruz, o dos Condes de Maceda –Torre de Cela-, a Casa de Freade, etc.

O Bueu deste tempo, mantén un sector industrial exclusivamente artesanal, sen ningún centro fabril dentro dos lindeiros do que actualmente se corresponden co concello de Bueu. O comercio resulta escaso e minorista e as profesións liberais reducidas e de escasa importancia económica.

Nesta situación, a pesca vai iniciar un próspero período económico en canto o sector vai revolucionar a economía local, incrementando a produtividade extractivo-transformadora e, consecuentemente, o volume de intercambio comercial. Estes trocos, motivados pola presenza de xentes oriúndas de Cataluña que alteran o sistema extractivo da sardiña provocarán a ira do noso monxe, por canto considera que altera unha orde natural.



## XEOGRAFÍA DE BUEU

Descoñécese cantas veces puido estar Sarmiento en Bueu, pobo no que a súa familia ten certas amizades – principalmente os fidalgos De la Rúa, tal e como recolle o seu propio testemuño-. Por outra banda, xa recluído na súa cela conventual, terá coñecementos indirectos da nosa vila a través dos escritos epistolares, principalmente do seu irmán, pero tamén doutros contemporáneos, como, p.e., G. Hijosa, que lle fan chegar as súas dúbidas, opinións, ...

Con todo, a máis importante referencia que se vai ollar na súa obra correspóndese coas notas por el tomadas durante a súa viaxe á Galicia, no ano 1745. Nos tempos finais do reinado de Felipe V, aproveita a súa asistencia ó capítulo xeral dos beneditinos en Valladolid para achegarse á terra familiar, acompañado dun **“libro en cuarto e en branco para ir escribindo nel o meu diario de todas as miñas viaxes. Anotei todos os lugares polos que pasaba e todas as inscricións coas que tropezaba”**. (*Voces e frases galegas*).

Inicia a viaxe, nun primeiro roteiro, o 19 de xullo de 1745, **“Navegando desde Pontevedra ao mar alto [...] Á esquerda vense: [...], Zela, Buêu, Beluso e a punta de Udra que é o remate.**

**Na boca desta dita ría están as illas de Ons, que son dúas [...]. A menor chámase Onza, e é a máis austral, a maior chámase Dons ou Ons, e o seu cabo boreal, e en mareas vivas, parece illote distinto e chámanlle o Centulo.**

**Así a ría de Pontevedra ten tres entradas, vindo do norte a que está entre o Centulo e a Pena Faxilda [...]. A segunda entrada é entre a Onza a grande Dons. A terceira entre a Onza e a punta e o cabo de Udra, vindo de Vigo, ou do mediodía. Esta é moi espaciosa. Hoxe están desertas, non así no antigo”** (*Voces e frases galegas*).

De regreso a Pontevedra, con data 13 de setembro emprende unha nova viaxe, esta vez cara ó sur, escribindo no seu diario:

**“Lapamán ou Porto Maior, o areal, desde a punta de San Clemente.**

**Cela: Santa María de Cela, freguesía. Á esquerda Torre de Freande. [Castiñáns ou o Praces, outra legua]**

**Bueu, San Martiño, freguesía. Areal grande. Punta de Bueu, fronte a San Xexo. Hermelo á esquerda, antes da punta, media legua.**

[...] **En Hermelo fixen noite É un sitio alto e case deserto, pois só terá 20 ou 30 veciños.**

[...] **Á tardiña subín á Esculca co gallo de ver ocultarse o sol e por estar anubrado [...]. Mais rexistrei infinito mar, covas de rías, rías, puntas, etc. v.g.**

[...] **Vese preto da punta de Bueu o monte Cabalo. A Illa Onza, a grande de Ons, e o Centulo. A punta de Udra ou Beluso [...]**

**O martes 14 saín de Hermelo para Cangas, distante só unha legua, pero rodeei tres, co gallo de rexistrar todos os cabos, e puntas e bocas de rías que hai ate o mar. Todo o que na tarde antes rexistrara desde a Esculca de Hermelo, pois parece que todo estaba baixo os pés segundo a altura da Esculca.**

**De Hermelo á Portela, media legua. A Portela é cousa curiosa, pois é un val de pouco máis de media legua, que está ao pé da serra da Esculca, que está ao oriente, e ao occidente está a cadea de montes, que chaman de Leboreiro. O primor é que este val liga a ría de Pontevedra[...] coa de Vigo [...]. Nesta Portela tamén hai unha ermida de San Amaro.**

**De Portela víranse os montes de Leboreiro e se entra noutro val, que teñen ó poñente outra cadea de montes, que se chaman montes de Gandón e no val o lugar de Gandón; á dereita vai á punta de Udra e freguesía de Beluso."**

Desta parroquia tamén lemos: **"En Beluso, que é porto, e bo, e confina Beluso con Aldàn, nel está o lugar, lago, montes e punta ou cabo de Udra; e é o primeiro cabo que, o que entra na ría de Pontevedra, atopa á súa dereita [...]"** (*Voces e frases galegas*).



De "La Voz de Galicia"

## PRIORATO DE HERMELO

Dende a reforma dos Reis Católicos, o medieval mosteiro de Hermelo pasou a depender, en calidade de priorado, do convento beneditino de Poio, aínda que **“no antigo era *Ermelo* un mosteiro grande que era cabeza de todos os mosteiros que había no Morrazo”**. Neste contexto, o interese de Sarmiento nas súas viaxes pasa tamén por coñecer as realidades que afectan á súa orde relixiosa, deixando un espazo para a numeración das terras sobre as que exercen o señorío civil e eclesiástico.

Baixo estas coordenadas, na súa estancia do 13 ó 14 de setembro de 1745, realiza un pequeno apeo das propiedades do priorado de Hermelo, numerando:

### “Sitios de Hermelo”

**Lugar da Fonte. Do Rosal. Da Pereira. Meiro, medio décimo.**

**Esculca, monte. *Paralaia*, monte.**

**Guimaráns en Santo Tomé. Freandre. Antepazo. Camarada. Castiñáns. Casal {[En Cela]}. Corvaz. Ferradáns. Martingas. Barral e Río Frío. Graña. Viñas do Burgo. Mexide. Lamela. Morqueira. Ruivas. Beloso. Queimaño.**

**En Bueu: Outeiro. Pedreira. Barreiros. A Graña, lugar e areal. Bacelo. Valado. Cataquefaz. Sotelo. Viso. *Vistoria*.**

**A Meiro: Tras Outo. Quintáns. Filos, Solinos. Outeiro. Casal Gordo. Currás. Portela.**

**[En Beluso]: Rosa do Faro. Rosa de Malvado. Torre. *Anguíáns*. Pazo. Outeiriño. Udra. Montes de Udra e Lago. Gondar de Sar. Sar de Xoán Martínez. Novás. Cural de Sar. Ribas. Piñeira, e Fonte Fría. A Regueira. Vilar. Pedrosa de Paxarín. Pedrosa de Solinos. Bo e San Mamede da Carvalla. Monte Cavallo. Cova da Raposa. [...]**

**Ten *Hermelo* dous coutos, un o de *Hermelo* e outro o de *Meiro* [...]**”.

Xunto a esta relación de bens, engade Sarmiento, na mesma crónica da Viaxe a Galicia de 1745, unha breve exposición sobre a igrexa:

**“A igrexa de *Hermelo* é moi antiga e pequena, parecida á de *Tambo*, e á da *Misarela*, con división para a capela maior. Hai varias sepulturas e unha cun báculo, outra con cinco ringleiras latinas e letras góticas, que ocupan toda a lousa, que está no chan ”.**

Noutro apartado da mesma obra, incide:

**“No priorado de *Santiago de Hermelo* ou de *Ermelo* [...] da nosa orde de San Bieito e anexo ao noso mosteiro de San Xoán do Poio estiven, vin a igrexa, e nela as sepulturas son de lousas enteiras. Algunhas teñen esta ou a outra insignia [...].**

**Unha sepultura ten unha inscrición a todo o longo, e que ocupa cinco liñas de letras góticas maiúsculas. Era xa tarde e estaban as letras cheas de terra, e así non puiden copiar máis que as seguintes:**



De estar algún alí de vagar podería copiala toda e entón leríase sen dificultade. Parece lerse aquí: "Resquiescit ... Joanes Nucizi ... cum Christo regnat coronatus. Rogate Deo precibus exhorate dimitat culpas... sub celo comisas qui obit... die X Kalendas Septembris. Era MCX<sup>v</sup> in Sancti Jacob, et in urbe Ferdinandus Abarus, ou Albarus.

1.º S. R9SE S9ES NOANS N<sup>6</sup>  
 2.º BOBHKV: EYMXPOREGMAJ  
 EOROMATS  
 3.º BCE D'OPEDB' EXOR EDMAJ  
 EYPASTJY  
 4.º MSVBLELOEOMASOVIOBIT  
 DIE X RSTBI  
 5.º J. R. 3IXJNSACOBETJURE  
 EDNANDVS ABARVS.

Aquí débese notar a expresión gótica do X<sup>v</sup> para significar 40 ou XL. E que na era 1140 ou no ano 1102 aínda se usaba. Alí, din, hai tradición que, andando un bispo ou arcebispo de visita, morrera en Hermelo. Acaso estaría sepultado aquí. Pero xa vai tempo, que serve de sepultura común, pois

está no chan, e haberá tres anos que alí se enterrou unha vella.

Cómpre coñecer a quen se referirá aquel Ferdinandus Abarus, ou Albarus, pois non di Abatis, e si aquilo "in Sancti Jacob et in urbe" alude ao Arcebispo de Santiago ou a Santiago de Hermelo. É razón que algún mestre de Poio pase a se certificar de todo a Hermelo.

Na mesma igrexa de Hermelo, que é moi antiga aínda que renovada, dunha única nave pequena e con capela maior como separada e pechada, hai outra inscrición latina non en sepultura do chan mais en dúas paredes distintas, e son as que fan traseira aos dous colaterais altares. Hai cinco liñas nunha e cinco noutra, pero seguen o contexto. Non se poden ler porque o impiden os altariños colaterais. Pero con facilidade poderanse apartar e lerase todo. Aínda lese no canto: ARIAS...OBIT...

Acaso será rótulo do que está enterrado no chan entre os dous colaterais, cunha lousa que ten debuxado un báculo. Acaso sería abade de *Hermelo* este Arias. Hai noticia en Poio de don Juan Arias, abade de *Hermelo*'.

Os textos ós que se refire Sarmiento coñecémolos hoxe: "*Ecclesia nempe ista omnino restaurata esse / credatur sicut in presenti manet Iacobi / Apostoli ad Fredenandus abbas et ab Arias Savrieizi*" e "*Toletum regnante Imperatori Adelfonso / Galecea comite Raimundus, didagus sacerdos / episcopales era millesima centesima duae et / quadragesima Fredenandus Tef*". A súa tradución correspóndese con: "Esta Igrexa certamente foi restaurada confíase permaneza tal como no presente de Santiago Apóstolo para Fernando abade e de Arias Savrieizi" e " Foi levantada reinando o Emperador Alfonso, en Galicia o conde Raimundo, Diego sacerdote episcopal era mil cento corenta e dous, Fernando Tef".



## ESTUDIOS DE TOPONIMIA LOCAL

Unha das facetas máis importantes da obra de Sarmiento é o seu interese intelectual polos vocablos, o seu desexo por desentrañar a orixe etimolóxica das palabras. Esta ansia por tal coñecemento explícaa el mesmo no *Onomástico etimolóxico da Lingua Galega*: “Só sabía as voces e falaba delas como un papagaio, e suspiraba non pouco por ver os significados”.

Entre os nosos topónimos locais, recolle os seguintes:

- Hermelo (Ermelo): “**acaso de heremus, eremita, heremitellum**”. (*Viaxe a Galicia, 1745*). No traballo Voces e frases galegas escribe de “**Nas coplas puxen Hémelo, e na copia Ermèlo, que é a súa verdadeira ortografía. A voz Ermèlo é diminutivo de eremus que significa deserto. [...] Venlle ben o nome de deserto, pois está nunha como ‘hondonada’ pouco amena**”.
- Esculca: “**Común a varios sitios de Galicia que están en alto e de dende se rexistra moito país**” [...] *esculca, esculcas y esculcar* son do antiquísimo castelán; pois atópanse na versión do texto *hebreo* da *Biblia* e despois; significa persoa, e non lin que signifique *lugar* como en Galicia. *Audio, is*, significa *oír* e *ausculto, as*, *oír* con atención, intención e coidado, ó que chamamos ‘*escuchar*’ e en galego ‘*escuitar*’. De *auscultare esculchar, e esculcar, e esculca. Esculca, ‘escucha’ e espía* significan o mesmo, isto é, *explorador* ou *atalaiador*. Os da *atalaia* se ven de *día* e as *espías* de *noite*; todo significa ó que serve para avisar dos movementos do inimigo ou por mar ou por *terra*. [...]

Non son amigo de pararme no primeiro [...]. Dixen que ‘*escucha*’ e *esculca* teñen a mesma raíz en *ausculto*. [...] digo [...] que ‘*escucha*’ ven de *ausculto* e *esculca* de *excubia* e *excubiae* que no puro latín significan *vigiliae custodum*, isto é, a *vela* ou *vixilia* que fan os que está de *garda* ou *sentinela*

[...] Atendendo a *vixilias* chamábanse en latín *vigiles*, en castelán *velas* e en galego *vixías*” (*Voces e frases galegas*).

- Paralaia: “**Aínda non vindo de ad tutelam a voz atalaia, non se precisa recorrer ó árabe, pois hai en Galicia lugares Laías e que acaban en laia. Sen saír de Hermelo, está ó seu oriente un monte moi alto que chaman Paralaia. Laia significa pedra, do grego Lays, ios. Acaso atalaia de alta laia, ou unha pena moi alta, sitio moi propio para atalaia. A ese modo hai en Galicia moitos sitios co nome de Alta-mira. Estes sitios, se son moi altos, poderíanse chamar esculcas, e neles poderanse colocar para o resguardo ás esculcas ou sentinelas**” (*Voces e frases galegas*).

- Udra: "Sendo difícil a orixe desa voz *Vdra* ou *Udra* cheguei a sospeitar se en *Udra* está oculta a metade da voz *Ponte-vedra*. Os estranxeiros estropean moito nos mapas e derroteiros os nomes que non son do seu idioma. Oirían que a dita Punta que está en Beluso, chámase no país *Punta de Pontevedra*, e no conciso *Punta de Pte. Vdra*, e despois pasou a cifra *Vdra* a significar a *Punta de Udra*. Teño presentes exemplares semellantes sen saír da vista *física* de *Belùso*.

[...] Os capitáns *Nodales*, naturais de Pontevedra, a un cabo que descubriron abaixo do estreito de *Magallanes* chamaron *cabo de Udra*, en memoria do *cabo* do seu país. No catálogo que ten Hérculo dos lugares de *Beluso*, hai esta expresión: *Vdra, Montes de Vdra e Lago*. Así ou a equivocación ten moita antigüidade, ou a sospeita é falsa, e *Vdra* non será voz cifrada. ¿E de onde virá *Vdra*? Confeso que non o sei. [...]” (*Voces e frases galegas*).

- Beluso: "Non espero adiantar máis na orixe de Beluso que no de *Vdra* [...] Non lonxe do noso Belùso está o lugar Belòso. O galego di Facho, e fachuzo, e teño idea de ter lido Belùzo por Beluso, así mudado o B en V sae vela, veloso, velùzo, e todo aludirá ó facho. O sitio de Beluso está en disposición para iso: para facho por temor dos inimigos; e para faro para guiar ós mareantes.

Así entre os lugares de Belùso hai un que se chama Rosa do Faro. Isto proba que hai ou houbo alí algún faro, e todo ven ben con Veluso [...]” (*Voces e frases galegas*)

- Ons: "Illa Dons se chamaba ou pronunciaba Doos; v.g., sendo, como eu conxecturei, a illa que Plinio chama Aunios, así, de Aunios, Deonios, Donios, Dons, de Ons, Deos, Doos." (*Viaxe a Galicia, 1745*).

Noutro texto sinala: "Digo que a D non é radical no dome Dons ou Daunios. Eu escribín de Ons, non comendo o E por causa do verso, pero a recta ortografía debía ser de Ons, ou a illa Dons. [...] O reparo que salta ós ollos de todos, de que a illeta menor non se chama Donza, senón Onza, abriume os meus para advertir a miña equivocación. Digo que Plinio non di Daunios, senón Aunios [...] Supoñendo, como de feito é así, que Plinio chama Aunios á illa, é a analogía máis patente. De Aunios, Onios, Onos, Ôos, Ôs, etc. polo cal o De é artigo servil que, ou se escribe xunto, v.g.: Dôns, ou separado, v.g.: De Ons ou de Aunios

[...] Estas illas chámanse nos mapas Blydones, que ningún entende, e é que se xuntou [nos mapas] Blyd. Ones, e Ones e Ons, e en Plinio Aunios é o verdadeiro nome destas illas” (*Catálogo de voces y frases galegas*).


## ANÁLISE DA ECONOMÍA LOCAL NAS COORDENADAS TEÓRICAS DE SARMIENTO

### A agricultura

As novas ideas ilustradas, das que Sarmiento é un precursor, foron asumidas e desenvolvidas por unha minoría de persoas que, confiadas na razón, buscaban a prosperidade social, enfrontándose cos obstáculos da rutina, a ignorancia, a miseria e a oposición dos dirixentes acomodados, satisfeitos eles coa tradición.

Da práctica productiva existente, non pode menos que estar satisfeito, por canto é un defensor do policultivo agrícola. Así, no Catastro de Ensenada (1752) atopamos que Bueu produce millo, centeo e outros cereais, feixóns, legumes, froitas, liño, ...

Ó respecto escribe o noso autor: **"O verdadeiro Labrador debe dividir as súas terras para diferentes puntos, e non contentarse co solo Trigo; debe por todo o coidado en que non haxa vexetable algún fructífero, e útil, que non cultive nas súas terras, ou por alimento, ou para venda, ou para todo.**



[...] Porque alí seméntase todo xénero de grans, trigo, centeo, millo, millo miúdo, paínzo e algo de cebada, porque alí se colle todo xénero de Legumes, Verduras, Froitas, Nabos, Castañas, etc. nunca é tan rigorosa a Fame, nin tan xeral como en Castela".

Aínda así, das súas palabras, dedúcese unha aposta pola economía de subsistencia, cun predominio do proceso de reprodución sinxelo, e pouco dado á creación de excedentes agrícolas que se han destinar ó comercio. Este aspecto será unha constante, tamén nos outros ámbitos económicos.

### A industria

Ó igual que a agricultura, foxe Sarmiento dos grandes procesos productivos, desexando que a industrialización non desborde o proceso artesanal ou a iniciativa real. Estes dous aspectos ollarémoslos na nosa localidade, pois o proceso fabril redúcese ó sector artesán téxtil (teares manuais) e de coiros, basicamente. En canto ás iniciativas reais, cabe mencionar o intento de creación, por parte de Hijosa dunha industria de transformación do abadexo e a pescada en cecial, no espacio hoxe integrado polo Museo Massó.


Respecto desta iniciativa, escíbelle Sarmiento a Hijosa pouco antes de morrer:

**"[...] Como bo patriota Galego que son, sempre aplaudirei, e aplaudo ó que se intente utilizar o Océano de Galicia na salga, e cura dos moitos peixes que produce en máis de corenta Rías que ten, e moi piscosas, e cales outros Reinos de España non teñen.**

**É notorio que os Estranxeiros, a título de peixes secos, extraen de España moitos millares de pesos fortes. Non era así en tempo de Carlos quinto; pois neste tempo curaban os pescadores Galegos todo xénero de peixes dos seus mares, e os transportaban por Europa [...]**

**Entón había máis xente que comese de peixe en España, e todo o abasto se pescaba en Galicia, antes de descubrir a pesca de bacallao na América. Abadexo de Galicia, cecial, ou merluza, congro, mielga, Sardiñas, os tras, anguías curadas, e aínda atúns [...], e para regalo as Sardiñas recheas, e outros escabeches.**

**Hoxe, [...] ás penas alcanza o que ven de fóra, e se pesca en España para o abasto. Eu coñecín a un Cabaleiro que facía provisión de abadexo fresco de Galicia, facíalle curar como o cecial, e lle servía para a Coáresma [...] sería bo que algún Irlandés ensinase ós galegos o modo de salgar, e curar [...]**



Libro de Sarmiento  
1772

De las ATUNES, y de sus Transmigraciones. Conservación. Sigue la descripción de su Almadría. Y sus Leyes medievales. Relativo a

Propôsta de pesqueiría  
de Jerónimo Hijosa 1770

**Antes de agora tiña oído, que Don Juan Marcarte, Irlandés de orixe, nativo de Bilbao, e casado en Marín [...] pensara en establecer unha xeneral pesqueiría en todo o Reino de Galicia nas Illas de Ons e Salbora. A todos pareceu ben o intento; pero non sei en que parou: pararía como todos os demais proxectos.**

**Antes de entaboar o proxecto que Vmd. propón, por máis que o Rei o aprrobe, ningún poderá asegurar o feliz acerto, habendo de concorrer tantos Mariñeiros; pois podendo cada un facer por si mesmo esa pesca, é difícil que se unan para ser uns xornaleiros de mar, como os Segadores en Castela, así é preciso concordar cos Mariñeiros nas condicións, e útiles de sa pesqueiría”.**

O seu desexo de promover un proceso industrial autóctono, no que a pesca habería xogar un papel referente, resulta unha reacción á presenza catalana, continuando a súa carta a Hijosa:

**“ E máis agora que están padecendo as tiranías dos que inundaron á Galicia, para arrasar as sementes da pesca, sen que haxa quen os refree; e o peor é, algúns Galegos espurios puxéronse de parte dos tiranos”.**

## A pesca

Cornide, na súa *Memoria sobre a pesca da sardiña*, amosa as liñas básicas da estrutura do sector pesqueiro do Morrazo nos tempos da Ilustración.

Dos datos por el ofertados, pode deducirse que polo número de embarcacións e a cantidade de peixe capturado, cabe supoñer que se practica unha pesqueiría individualista, no que cada embarcación representa unha unidade productiva propia, empregando como arte pesqueira o xeito ou o cordel.

Sarmiento non será defensor desta estrutura sectorial, por canto considera os enormes éxitos pasados da economía pontevedresa, logrados arredor dun arte pesqueiro colectivo como é o cerco real. Fronte ó sector pesqueiro mollarense, Sarmiento antepón a produtividade dos portos de Combarro e Campelo, nos que con dezaseis embarcacións, logran unhas capturas de setenta mil millares de sardiñas (pola contra, en Cangas, con oitenta barcos, só acadan a cifra de sesenta mil millares).

As parroquias do concello de Bueu non teñen desenvolto adecuadamente o sector, para o que podería representar a potencialidade das súas costas. Así, en Cela, con dez embarcacións, captúrase sardiña do xeito (oito mil millares) e algo de abadexo con cordel (cen quintais); en Bueu, doce embarcacións do xeito capturan os escasos tres mil millares de sardiñas; en tanto, Beluso, con seis embarcacións de xeito e cordel, logra mil millares de sardiña, trinta quintais de abadexo e cen de polbo.

Estes datos, sen embargo, deben tomarse coas maiores precaucións, por tratarse de tempos de cambios no sector, coa chegada dos "tiranos, arbitristas e impostores" cataláns, ós que se opuxo de modo visceral: **"verifícase que os cataláns van a Galicia a apurar a semente das sardiñas cos seus avarentos aparellos"**. Son tempos de conflictividade social, nos que o seu irmán, Francisco Xavier García Sarmiento, como responsable do Distrito de Marina, debe achegarse a Bueu para mediar nun conflito que inclúe a queima dun alpendre propiedade dun salgadeiro catalán. O descontento social coas **"xentes do mediodía"** é enorme, pois ata Sarmiento deixa entrever nas súas liñas as inmorais condutas destes homes dos que incluso se sospeita subornan ás autoridades do seu país para non participar nas levas, cando en Galicia significan dramas familiares: **"gritos, choros e compaixón, é o que non poderás remediar"**, dille ó seu irmán, por mor dunha delas.

E é que o outro grande tema polo que Sarmiento se ve afectado é a Matrícula do Mar e as súas nefastas consecuencias no sector, pois olla como os poucos mariñeiros que poden practicar a actividade son rapaces ou anciáns, por estar os restantes enrolados na Mariña, resultando así imposible o mantemento e conservación dos bens de produción – os barcos-. En máis dunha ocasión, na relación epistolaria co seu irmán fará mención á necesidade de que, alomenos, o patrón da embarcación non participe destes chamamentos para, deste modo, permitir a continuación das capturas.

No desexo do beneditino por unha Galicia ideal, coa súa economía autárquica, coméntalle ó seu mesmo irmán a necesidade de fomentar o cultivo do cáñamo, para que a pesca non dependa do téxtil exterior na fabricación dos aparellos. Igualmente, preocúpase dun ben tan necesario para a conservación e comercialización como é o sal, ó sinalar **“tendo máis de 150 leguas de costa de Océano e con mil sitios para salinas, lle veña [a Galicia] e precise virlle o sal de países estraños; pois o mesmo útil percibiría o Rei se na súa costa fixese salinas reais”**. Ademais, ante as modificacións do réxime fiscal, altérase coa posibilidade de que se remate coas vendas de sal fiado ós mariñeiros, o que lles impediría comercializar os seus excedentes pesqueiros.

Por último, debemos facer mención ás explotacións ostreícolas, e a calidade da carne desta especie nos escabeches, como outra posibilidade aberta á actividade pesqueiro-marisqueira. Así, menciona Sarmiento á **“Galicia, onde se sementan as ostras como se sementan os nabos”**; pasados os anos De la Paz Graells citará os interesantes bancos ostreícolas das costas de Bueu, non explotados no s. XVIII e hoxe perdidos.

### A minería

En múltiples cartas, así como noutros escritos, o noso freire comenta as posibilidades inexploradas dos minerais galegos; a marcasita ou piritas, os caolíns da porcelana, o talco, ...



Mapa da península Ibérica de Ptolomeo

Con respecto ó territorio de Bueu, entra a illa de Ons nos intereses mineiros de Sarmiento, concretamente a posible explotación do mineral do estaño. Sen embargo, non valora nesta ocasión tanto as posibilidades económicas da illa, como o feito de poder asociar os territorios insulares galegos coas illas Casitérides. Así escribe no ano 1759: **“Oín aquí a un químico famoso que trouxo Don Zenón que o estaño famoso de Monterrei é mellor que o de Cornualia. Se en Chantada se descobre outra mina de estaño, pegariamos beneficiando as dúas un petardo ó inglés que tanto ouro nos saca ó troco do estaño [...] Os cartaxineses ían buscar estaño ás illas Casitérides [...] e sen dúbida serían as Cíes, Ons e Sálvora. [...] Sería do caso que, ou nas ditas illas, ou [...] nas veciñanzas, se atopasen sinais de minas de estaño. Por iso desexo que se faga un ensaio desa terra brillante”**.

Noutra ocasión, sobre o mesmo tema, e logo de atopar estaño nas proximidades de Pontevedra, dinos: **“non aprecio o achado polo valor do estaño, senón para probar que as illas Casitérides son as de Baiona e de Ons”**



## O comercio

Nun modelo de produción autárquico, no que se pretende evitar a dependencia exterior, o comercio debe reducirse a aquelas necesidades básicas insatisfeitas pola propia produción, e sempre evitando a presenza de persoas alleas á sociedade galega, pois **"Galicia non precisa aumentar o número de caciques, se non minorar a infinidade de pobres infelices que son escravos de todos"**.

Un exemplo desta visión negativa do comercio reflíctese na valoración do intento de promover unha fábrica de lenzo galego coa intención de exportar a produción á América: o incremento da demanda de liño habería encarecer a materia prima, prexudicando así a aquelas xentes que o precisan para a súa vestimenta.



Fronte á explotación dos produtos xa existentes, aposta pola apertura de mercados con produtos innovadores: a captura, na ría de Pontevedra, de arroaces, que ademais de prexudicar á produción pesqueira, permitiría crear valor comercial coas graxas; a explotación de minerais; o incremento da produtividade, con melloras nos cultivos ou explotación de espazos ermos (así, os estudos de Historia Natural deben entenderse nestas coordenadas), etc.

Como non, tamén defende unha mellora das comunicacións, e así a súa correspondencia co Conde de Aranda versa sobre os camiños reais, remitíndolle un informe por este solicitado, sobre como proceder á súa construción e mantemento, pois **"pide moito diñeiro e moita xente"**.

## A emigración

A situación económica de Galicia, en xeral, e de Bueu, en particular, levan ós seus habitantes a emigrar. As necesidades económicas ás que Sarmiento trata de por remedio nos seus escritos son as mesmas que conducen ós seus patrianos a outros reinos (Castela, Andalucía, Portugal, ...).

Aínda que este tema trátase na correspondencia co seu irmán e co Duque de Medina Sidonia, o mellor exemplo da súa preocupación sobre a cuestión é o *Coloquio de 24 galegos rústicos*, no que uns veciños do Morrazo (entre os que están Macías de Hermelo, Roque de Beluso e Lucía da Esculca), comparten de regreso á súa terra, provenientes todos eles do Reino de Castela, uns da sega, outros servir como criados, todos eles parentes **"dun mesmo terreo"**. Nos versos pode ollarse todo o pensamento de Sarmiento nas liñas deste traballo exposto.



## AS SUPERSTICIÓNS

Como monxe bieito que é, Sarmiento está preocupado polos usos e costumes morais das súas xentes, concretamente, dos mariñeiros da súa ría, dos que non ten en moi bo concepto: **“eses cegos, cerriles, aragáns e desidiosos”** é como os denomina, cando non os acusa de **“ambición, tiranía, avaricia, borracheira e usura de los pescadores”**, por pretender obter maiores rendementos económicos das súas capturas. Igualmente, cando o seu irmán ten a tarefa de repartir determinada cantidade de diñeiro entre eles, escíbelle: **“tocará unha boa propina e poderanse emborrachar e fumar”**.

Sen embargo, estes costumes adquiren maior gravidade cando practican rituais pouco racionais para un ilustrado, que entende ademais un alleamento da fe auténtica, acusándoos de pagáns. Estes rituais denunciados por Sarmiento semellan abarcar os distintos aspectos vitais dos mariñeiros, como a protección da pesca (escribe o monxe: **“deixar a eses cerrilismos que recorren ós conxuros dos gurumantes, que están en Ons”**), ou a propia morte (en carta ós eu irmáns, sobre a educación dun parente, pode lerse **“é preciso non aterrar [...] con castigos nin espiritalo coa Compañía e outros espantallos”**, anuncio máxico da morte, da que o pobo foxe, tanto na súa forma de enterramento, como de animal ferido **“coïden que a Raposa do Morrazo, sendo a outra estantiga do noso terreo [...] a viva Compañía non foras molesto”**). A irracionalidade destas crenzas dificulta o bo goberno do colectivo, pois **“riranse aí desta noticia e non haberá diaños que os disuadan dos guzumantes ou nigromantes”**.

Entende Sarmiento as supersticións como un estadio anterior á razón, un comportamento infantil. Así, sobre os símbolos descritos na campá da igrexa de Coiro sinala **“din os nenos de Pontevedra, que é bo contra bruxas [...], proba que o que fundiu a campá era sinxelo, crédulo e supersticioso”**.




Outra das supersticións por el criticadas correspóndese co "**baile do sol**", movemento que se percibe deste astro cando se deixa de outear no poñente. Así, aproveitando a súa subida á *Esculca* de Ermelo, describe o lugar dende onde "**se rexistra infinito de *mar e terra*; á esquerda a ría de Vigo e illas de *Baiona*; á dereita a ría de Pontevedra e as illas de *Ons*; e de fronte a ría de *Aldán* toda.**

É famoso aquel sitio alto da *esculca* pola vulgaridade que corre: crese que mirando un dende a *Esculca* ó poñente, e ó tempo de pórse o sol, ve ó mesmo *sol* como que *está bailando* sobre as augas do océano. Esta circunstancia ocasionou que non poucos vaian a *Ermèlo* e suban á *Esculca* para ver dende alí como *baila o sol* e esa chapuza.

Esta vulgaridade ven de moi antigo. Estrabón, [...] refire a vulgaridade dos da costa occidental marítima de España, que crían que o *sol* se afundía no océano, e que entón, como se fose un globo de lume, metía un ruído como o que fai un ferro ardente cando se mete na auga, "*vulgo enim perhiberi, ait Possidonius*"; ríase Estrabón, e atribúe ás *refraccións* todo o que sucede cando *nace* ou *se pon* o *sol*; isto que o horizonte estea no *mar* ou nalgunha *planicie* moi espaciosa e case inmensa.

Así, os campeciños de hoxe din, cando se lles pon o *sol*, que os galegos tiran del cunhas maromas. É verosímil que a vulgaridade que refire Estrabón de Posidonio, tivese curso tamén en Morrazo, cara á *Esculca*. Pero o que se ve dende a *Esculca* en orde ó poñerse do *sol* obsérvase en 300 partes de Galicia. [...] Así o da *Esculca* de *Ermèlo* nada ten de singular senón o conservarse aínda alí unha vulgaridade antiga." (*Colección de voces e frases galegas*).



## A PALEOGRAFÍA

A faceta de Sarmiento como paleógrafo cabe enmarcala no seu contexto de promotor dun corpo arquivístico propio da orde benedictina, como medio de asegurar a perdurabilidade aqueles dereitos, bens, ..., que son propios da orde. Así sinala que debe empezar por ler e copiar os instrumentos (privilexios pontifícios e reais, contratos, doazóns, etc.), dando noticia dos autores, as datas, ... **“Nada se ha poñer nel por relación de outros, senón só o que o arquivreiro soubese de vista ou por ciencia certa”**. Con isto, contribuiría a perpetuar a memoria histórica.

Dentro destas coordenadas, ten Frei Martín acceso a un bo conxunto de documentación vencellado co pobo de Bueu, ben porque os bens documentais do priorado de Ermelo pasaron ós fondos do mosteiro de Poio, ben porque topou con eles noutros fondos, como os do convento de Santa Clara. Tampouco esquece deixarlle un oco ás inscricións, como xa se ten citado anteriormente. De entre a súa actividade paleográfica, cabe mencionar as seguintes citas relacionadas co noso pobo:

- ✠ **Esta cifra de XL (40), que chaman gótica, acheina en séculos posteriores, XII, XIII, e aínda XIV, en instrumentos de idioma galego, pois non só se acha na lápida latina de Hermelo (73 v) da era de 1140, ...**
- **“Sentencia= Ante mi Ruy Mouro clérigo de San Martiño de Bueu, juiz en a Audiencia do arcedianago de Salnés, por lo onrado varón Dom Afon de Fonseca, perpetuo administrador do dito Arcidiadgado en a Eglisea de Santiago”**. Esta frase datada no 1439 permítelle, entre outras, certificar un uso administrativo do galego medieval, ademais de transmitirnos á modernidade a relevancia deste clérigo de Bueu, que ocupa o cargo de xuíz no arcedianazgo.
- Quizais as referencias á familia Aldao sexan as máis importantes, polo tamaño do corpus transmitido por Sarmiento, remontándose a documentación por el atopada ó ano 1221. De entre a liñaxe, refírese o bieito unha e outra vez a Nunus Petri Male-dolatus, quen se identifica como miles, isto é, soldado, tenente do castelo (así como do *opido*) de Daravum, integrado nos bens da mitra compostelán e o seu *maiorino Johannes Martini*. Igualmente, xunto doa súa dona Eldara Fernandi son posuidores da cuarta parte da igrexa de Santa María de Mourente. Son fillos de Nuno Petri, segundo Sarmiento Sancie Nuni e Giral Núñez de Aldán, quen casa con Sancha, tendo por fillo a Fernán Núñez de Aldán, home de Maior Pérez.

## HISTORIA NATURAL

Define Sarmiento a Historia Natural como **“coñecemento práctico das cousas visibles que Deus criou, e como coñecemento maior ou menor, que deben ter todos os racionais, ou por si ou por ensinanza”**.

### Botánica

A relación de Sarmiento coas orixes do Real Xardín Botánico lévano durante unha boa etapa da súa vida a interesalo polas plantas e os seus fins prácticos, tanto curativos como comerciais. Así o deixa entrever dos seus textos: **“pola sola curiosidade atrevesei cantos areais marítimos hai dende a boca do Miño ata cabo Ortegá, así do mar bravo como das Rías”, “pasando polo areal [...] vin á esquerda un <gramen> Non dubido que se achará moito nos areais de Galicia, se se busca, ou que sementándoo se multiplicará ese xénero, e poderanse facer vasoiras de señoras, que se deberán traer a Madrid para o comercio, como hoxe se traen de fóra, e non se dan de balde”**.

Son múltiples as relacións de plantas descritas por Frei Martín, a herba do demo, o *miomendo* (nome que en Aldán se lle da á “herba dos oídos”), a *carrasca mariña* que atopa no cabo de Melide, con flores amarelas en ramallete e folla de romeo, a herba tioura (como en Meira denominan ó tomiño), a seixeira ou abelleira, a salgueira, o pé de galiña, a millán



–**“herba moi común; parece aveá, pero ten pendón coma o millo”**–, a valeriana, a aceda–**“vina e a folla sabe a vinagre, e é a oxalis ou acetosa”**– Menta –**“en galego como, así mesmo, ruda, artemisa verbena”**–, uvas de raposa, estripeiro –**“é a arbore espiñeira na que se enxertan as pereiras”**–, croques, fabas bravías, perexil de mar, cebolas de mar, etc., incluso chega a facer referencia a **“esa especie de ouricela que nace con abundancia nas rochas das illas de Baiona [...] e as das Ons”**, liques susceptible de explotar para a produción de tinxes purpúreos.

### Farmacognosia e Medicina


Dentro do interese de Sarmiento por atoparlle utilidade ás plantas, os seus usos curativos predominan sobre os restantes fins. Reitera o noso autor, como ilustrado que é, a necesidade de apoiarse na observación e na experiencia: os datos empíricos

da práctica clínica debían constituír o fundamento da arte de curar. Así critica unha e outra vez as sangrías que a máis de un levaron á morte, e fronte a elas destaca a importancia da Natureza así como as virtudes medicinais das plantas e a terapéutica popular. Por iso, nas súas viaxes recolle toda a información relativa ás prácticas curativas das plantas, que o levan a escribir arredor da carqueixa, p.e.

Entre as plantas que achamos no Morrazo con propiedades curativas, cabe mencionar ás cebolas de mar –en Ons “**aplicábanllas ao humor dos pes, cando procedía de humidade ou friaxe**”-, o millo – “**botando a cocer grans de millo e bebendo quente a auga é remedio eficaz contra a supresión de ouríns**”-, herba da sarna –“**chaman así ó *carvén* porque coa súa raíz cúrase a sarna**”-, toxos de meigas –dos que só sinala “**é medicinal**”-, etc.

### Ictiología

Ó igual que acontece coa descrición botánica, o Padre Sarmiento, logo da súa primeira Viaxe a Galicia (1745), recolle unha morea de palabras do mar, vocabulario piscícola, que nos transmite a través da súa obra: o *mexillón*, identificado co *mitilus*



Abadexo

*auritus*, do que chegaba a afirmar que podía posuír orellas, de igual maneira que a ameixa; a xarda, nomeada *pelamus longa*, da que pensa que é atún na idade que segue á *cordila*; o *corbello*; o *berberecho*, tamén coñecido como croque; o jorelo, xurelo, chicharro e tamén escriba-

no, identifícao co *trachuro rondelicio*; *patilado* ou *patilao*, caranguexo de patas ou pes anchos ó que acusa de devorar as crías de peixes como a sardiña, denominado cientificamente *carnero latipede*; a *candorca*, peixe espada, procedente o seu nome de can mariño e orca; a *noca*, o *boi* e o *esqueiro*; etc.

A súa visión optimista da natureza permítelle reflexionar sobre modos e maneiras de explotar comercialmente os recursos mariños, sendo previamente necesario coñecer ás ditas especies. Así, solicítalle colaboración ó seu irmán Francisco Xavier para saber se o “**Delfín é Arroaz. Non sei se ten ovas ou se pare fillos vivos como os cetáceos [...] Sexan ovíparos ou vivíparos, débese observar cando están en ovas ou están en celo**”, referíndose a aqueles que se ollan na Ría de Pontevedra.

Ese afán científico polas cousas do noso mar reflíctese noutra carta na que di: “**procura collerme cantas cunchas e barbas puideres. E se collese algunha enteira con carne e barbas, sécama**”.

## SARMIENTO E O PADRE ENRIQUE FLOREZ

En carta de 07.05.1760, Sarmiento confírmalle ó seu irmán a recepción dunha carta, sinalando **“O mestre Flórez, agustino, é dos que veñen á miña cela. Farei o empeño polo padre Rúa pegue ou non pegue”**. Tres días despois, escíbelle a Florez:

**“O pai frei *Vicente Rúa e Villar Prego* da orde de V. Rma. e o cal está *colexial* en Alcalá, debe vir a Madrid a facer *oposición a lectorías* ou a outras prazas escolásticas.**

É natural das proximidades de *Pontevedra*, e a súa familia ten grande amizade cos meus parentes. [...] Escribume o meu irmán [...] procurase interesarme en que o dito frei *Vicente* saíse con lucimento das súas oposición e que lle tocase algún premio.

Que serei interesado en que se consiga algo [...], xa por ser paisano, xa porque ten dous irmáns *monxes* na miña relixión, xa porque coñecín ós seus tíos e coñezo ós seus pais, xa porque teña idea de que V. Rma. falou-me aquí con eloxio do dito pai frei Vicente esquecéndose do apelido, está que instando eu por sabelo díxome V. Rma. se chamaba *Rúa* e entón lle dixen eu que era familia moi nobre e coñecida.

[...] Non atopo para isto maior recurso que o recorrer a V. Rma. para que nas *oposicións* inmediatas pase os seus bos oficios cos que han repartir os premios a fin de que atendan a frei *Vicente* na presente ocasión con algún premio proporcionado, ou que alomenos quede nela *sixilado* para que na seguinte se lle acomode e premie.

Nin teño novas senón vagas dos méritos de frei Vicente, nin sei que emprego desexa conseguir, nin coñezo a ninguén dos xuíces, nin sei o *como*, o *cando*, nin o *que* desas oposicións literarias. [...]

En fin, espero que V. Rma. me favoreza tomando na súa protección ó dito padre frei *Vicente* [...]. É natural que non deixe de estimar a frei Vicente. Así, se reside aí, hei de deber a V. Rma. que tamén lle interese por novo título, de interesarme eu e de interesar a V. Rma. para que frei Vicente logre.

Se este, como será razón, pasarei a bicar a man de V. Rma. examíneo sobre as *illas d’Ons*, que están á vista de *Bueu*, a súa patria, na ría de *Pontevedra* e polo marxe coñecerá que é a illa *d’Aunios de Plinio*. [...]

O vencello entre Enrique Flórez, Sarmiento e Vicente Rúa, contribúe á aclarar a lectura que o primeiro realiza sobre Aunios e as Casitérides na súa obra *España Sagrada*.

## ÍNDICE

BIOGRAFÍA	.....	3
BUEU NO TEMPO DE SARMIENTO	.....	4
XEOGRAFÍA DE BUEU	.....	5
PRIORATO DE HERMELO	.....	7
ESTUDIOS DE TOPONIMIA LOCAL	.....	9
ANÁLISE DA ECONOMÍA LOCAL NAS COOR- DENADAS TEÓRICAS DE SARMIENTO	.....	11
A agricultura	.....	11
A industria	.....	11
A pesca	.....	13
A minería	.....	14
O comercio	.....	15
A emigración	.....	15
AS SUPERSTICIÓNS	.....	16
A PALEOGRAFÍA	.....	18
HISTORIA NATURAL	.....	19
Botánica	.....	19
Farmacognosia e Medicina	.....	19
Ictioloxía	.....	20
SARMIENTO E O PADRE E. FLÓREZ	.....	21



